



## DECRETO DE ALCALDÍA

Excma. Sra. LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

**Instruído expediente sobre o Procedemento e protocolo de funcionamento e tramitación de denuncias - PLAN ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS E NEXT GENERATION (PRTR).**

O Concello de Lugo, en cumprimento do establecido no artigo 6, da *Orde HFP/1030/2021, pola que se establece o Sistema de Gestión del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)*. Este artigo, indica que toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR, deberá dispoñer dun Plan de Medidas Antifraude que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes deberán de empregarse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

O Concello de Lugo, como administración interesada na solicitude e xestión de Fondos europeos e na programación do PRTR. Next Generation da Unión Europea (NX.EU), aprobou na Xunta de Goberno Local, na sesión Nº 15/74, do 9 de febreiro de 2022, O **PLAN ANTIFRAUDE PARA A XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS E NEXT XENERATION (PRTR)**. Neste Plan, inclúese a seguinte declaración institucional:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ASUMINDO O COMPROMISO DE LOITAR CONTRA A FRAUDE.**

*O Concello de Lugo comprométese cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas e éticas, adheríndose aos principios de integridade, obxectividade, proporcionalidade e honestidade no exercicio das súas funcións.*

*Os empregados públicos do Concello de Lugo comparten este compromiso, asumindo como deberes: “velar polos intereses xerais- con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico- e actuar con arranxo aos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes”, de conformidade co artigo 52 do Real Decreto legislativo, de 30 de outubro, Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O Concello de Lugo porá en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude - baseadas na súa experiencia anterior e na avaliación do risco de fraude-, e denunciará aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse, a*

## Desenvolvemento Local

IVC/ccm

Ref: Decreto protocolo de funcionamento tramitación de denuncias

Asunto: PLAN ANTIFRAUDE



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



Plan de  
Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia

«Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea - NextGenerationEU»

*través das canles internas de notificación, en colaboración co Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) e con respecto ao principio de confidencialidade.*

*En definitiva, o Concello de Lugo adopta unha política de tolerancia cero coa fraude, establecendo un sistema de control interno deseñado para previr e detectar, no posible, calquera actuación fraudulenta e, no seu caso, emendar as súas consecuencias, asumindo para iso os principios de integridade, imparcialidade e honestidade no exercicio das súas funcións.”*

O devandito Plan, inclúe medidas para a detección da fraude, e entre elas, está a creación dun Buzón de denuncias (Buzón antifraude), tal e como se recolle no punto 1.1.10:

*“Habilitarase un procedemento para a denuncia de irregularidades e posibles fraudes, casos de corrupción ou conflitos de intereses, que serán examinadas pola Comisión antifraude. A través desta canle de denuncia aberto, calquera persoa poderá notificar as sospeitas de fraude e as presuntas irregularidades que, a ese respecto, poida detectar, e informaráselle de que:*

- A denuncia será tida en conta e seranlle comunicados os resultados das xestións realizadas.*
- Respectarase a confidencialidade e a protección de datos persoais.*
- Non sufrirán represalia algunha, nin serán sancionados no caso de que se trate de funcionarios públicos”.*

A continuación descríbese **o procedemento e protocolo de funcionamento e tramitación de denuncias:**

As denuncias remitiranse directamente ao enderezo electrónico: [buzon.antifraude@lugo.gal](mailto:buzon.antifraude@lugo.gal) ou a través da seguinte ligazón da web municipal <http://concellodelugo.gal/gl/actuacions/buzon-denuncias-antifraude>. Para evitar malas prácticas no uso do buzón, aplicaranse criterios estritos para admitir as comunicacións e coa esixencia de responsabilidade civil, penal e administrativa das persoas que comuniquen feitos con abuso de dereito ou vulnerando o principio de boa fe.

As denuncias recibidas remitiranse á Comisión Antifraude para a súa valoración e tratamento.

O Plan Antifraude do Concello de Lugo adica un apartado á Comisión Antifraude, no que ademais de propor a súa composición, tamén indica as súas funcións (que a continuación se enumeran), e entre elas destaca o apartado d) en relación co procedemento das denuncias recibidas en materia de fraude. O conxunto das funcións desta Comisión resume non só, o procedemento necesario para o tratamento de denuncias, senón tamén para o resto de actividades e actuacións que debe de levar a cabo esta Comisión:



- Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita prever e detectar as posibles fraudes.
- Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan prever, detectar, corrixir e perseguir os intentos de fraude.
- Concienciar e propor accións formativas dirixidas ao resto de persoal do Concello de Lugo.
- Abrir un expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando canta información se entenda pertinente ás unidades involucradas na mesma, para a súa oportuna análise.
- **Estudar e dar resposta ás denuncias recibidas que expoñan condutas susceptibles de ser encadradas en calquera dos supostos de fraude ou similares recollidos neste Plan.**
- Propor á Alcaldía a resolución dos expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo, no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas se se chegase á conclusión de que a fraude realmente se tivera producido.
- Informar á Alcaldía das conclusións acadadas nos expedientes incoados e, no seu caso, das medidas correctoras aplicadas.
- Fornecer a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte dos beneficiarios, ou propor a incoación das consecuentes sancións en materia administrativa e/ou penal.
- Levar un rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.
- Elaborar unha Memoria Anual comprensiva das actividades realizadas pola Comisión Antifraude no ámbito da súa competencia.
- Avaliar e revisar os procedementos de detección e corrección deseñados neste plan.

Visto todo o anterior, é polo que en virtude das atribucións que, segundo o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, se confiren a esta Alcaldía no artigo 21 do mesmo texto legal,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o procedemento e protocolo de funcionamento e tramitación de denuncias, relativo ao PLAN ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS E NEXT GENERATION (PRTR), recollido na parte expostiva da presente Resolución.

**SEGUNDO.-** Publicar o devandito procedemento e protocolo de funcionamento e tramitación de denuncias, na páxina web municipal, habilitar de inmediato un link ou banner na mesma, e o enderezo electrónico [buzon.antifraude@lugo.gal](mailto:buzon.antifraude@lugo.gal), para comezar a recibir as posibles denuncias, no seu caso.